

Mércores 6 de xuño ás 21.45h no Pichel

*A pregunta sen resposta (The Unanswered Question, Johan Van Der Keuken, Holanda, 1986, 18', VOSG)*

+ *Apocalypse\** (Alexandre Argibai, 2011, 33', VOSG) \*Coa presenza do director

# APOCALYPSE

Donostia, 02/06/2012

Xurdiu así: pedichesme onte, precipitadamente, que escribira unhas palabras para a presentación da túa vídeo-correspondencia, que ten lugar hoxe no Cineclub de Compostela. Como podes comprobar, pareceume boa idea e decidín escribir unha carta cun formato semellante ás cartas que adoito enviarche en papel, e tratando de que iso non resulte incoherente ás persoas que nos acompañan hoxe.

Por elas, permitome explicarche que eu tería preferido dirixirme a vós cun filme que complementara o teu, para que fora proxectado a seguir, e deixando transcourir entre un e outro apenas uns poucos segundos. Este filme que aínda non foi realizado sería, sen dúbida, o modo máis axeitado de participar neste afortunado encontro en Santiago, así como unha maneira de che facer chegar a resposta que seguramente agardaches durante este tempo.

O que digo de contado, porén, é algo que nunca antes che comentara (permiteme, daquela, que rompa por unha sóa vez este misterioso pacto que nos impide falar sobre as cartas que aínda están por chegar). Ás veces, sobre todo cando camiño por

lugares descoñecidos e todo fica inmóbil, asáltanme unha serie de *flashes*, sempre variables. Son lixeiras sospeitas do que podería ser algún día este filme que che debo. Se a túa vídeo-carta falaba con imaxes sobre lembranzas comúns amoreadas ao longo dos anos, o que anuncian estas apresuradas iluminacións que veño de describir é que, inversamente, a miña resposta incorporaría imaxinariamente un futuro que, por motivos que descoñezo, exerce xa unha influencia en min, e que, coma toda previsión, poderá materializarse ou non.

E agora, o meu desexo é deixarvos cun fragmento do poema *Nurse's Song* de William Blake:

*No no let us play, for it is yet day  
And we cannot go to sleep;  
Besides in the sky, the little birds fly  
And the hills are all covered with sheep.*

[“Non, déixenos xogar, que aínda hai luz / e non podemos ir para a cama; / os paxaros voan polo ceo / e as ovellas ateigan os outeiros”]

Mikel Ochoteco

## Say Valley Maker (Smog)

With the grace of a corpse  
In a riptide  
I let go  
And I slide slide slide  
Downriver  
With an empty case by my side  
An empty case  
That's my crime

And I sing (Say Valley Maker)  
To keep from cursing  
Yes I sing (Say Valley Maker)  
To keep from cursing

River Oh  
River End  
River Oh  
River End  
River Go  
River Bend

Take me through the sweet valley  
Where your heart blooms  
Take me through the sweet valley  
Where your heart is covered in dew

And when the river dries  
Will you bury me in wood  
Where the river dries  
Will you bury me in stone

Oh I never really realized  
Death is what it meant  
To make it on my own

Because there is no love  
Where there is no obstacle  
And there is no love  
Where there is no bramble  
There is no love  
On the hacked away plateau  
And there is no love  
In the unerring  
And there is no love  
On the one true path

Oh I cantered out here  
Now I'm galloping back

So bury me in wood  
And I will splinter  
Bury me in stone  
And I will quake  
Bury me in water  
And I will geyser  
Bury me in fire  
And I'm gonna phoenix

I'm gonna phoenix

Coa gracia dun cadáver  
entre augas revoltas  
deixeime levar  
e escorreguei  
río abaixo  
cunha maleta baleira ao meu carón.  
Unha maleta baleira.  
Ese é o meu crime.

E canto (oes, creador do val?)  
para evitar maldicir.  
Si, eu canto (oes, creador do val?)  
para evitar maldicir.

Oh, río  
final do río  
Oh, río  
final do río  
O río vai  
A curva do río

Lévame polo agarimoso val  
onde o teu corazón agroma  
Lévame polo agarimoso val  
onde o teu corazón orballa

E cando o río seque  
enterrarédesme en madeira?  
Onde o río seque  
enterrarédesme na pedra?

Oh, nunca me decatara  
de que a morte significa  
andar ao meu xeito.

Porque non hai amor  
onde non hai obstáculo.  
E non hai amor  
cando non hai silvas.  
Non hai amor  
na meseta devastada.  
E non hai amor  
no infalibel.  
E non hai amor  
no camiño unívoco.

Oh, eu galopara por acó  
e agora galopo de volta.

Daquela, enterrádeme en madeira,  
que hei de me lascar.  
Enterrádeme na pedra,  
que hei de tremer.  
Enterrádeme na auga  
que hei rebentar coma un guéiser.  
Enterrádeme no lume,  
que vou ser fénix.

Vou ser fénix.

[Tradución de Pablo Cayuela]

## ■ PROXECCIÓNS

### Entrada de balde | Bono-axuda: 1 euro

Mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21)  
cineclubedecompostela@gmail.com  
<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

## ■ ASOCIACIÓN

### O Cineclub de Compostela

#### tenta ser unha asociación autosexionada.

Cota mensual traballadores/as: 5 e. // Estudiantes  
e parados/as: 3 e. // Socios/as protectores/as: 75 e./ano